

ROSALÍA DE CASTRO

Lingua Galega e Literatura I
IES Auga da Laxe



VIDA E OBRA


Rosalía de Castro nace en Santiago de Compostela en 1837.

Filla ilexítima dun crego, medra na casa das súas tías en Padrón e, en 1850, volve a Compostela, recibirá a súa formación.


Durante os anos cincuenta vivirá en Madrid e Santiago. En 1857 publica o seu primeiro libro, *La flor*, e en 1858 casa con Manuel Murguía. Na década seguinte publica *Cantares gallegos* (1863) e case toda a súa obra en castelán. En 1880 publica *Follas novas*.

Morre en Padrón, onde vivía, en 1885.






CANTARES GALLEGOS (1863)




Colección de 32 (38 en 1909) **glosas de cantares, refráns ou ditos**, inspirado no libro de los cantares de Antonio Trueba.

Revalorización da cultura popular que representa aspectos positivos do país.

Reivindicación sociopolítica de defensa de Galicia e das súas xentes, en especial as mulleres traballadoras.



ESTRUTURA DE CANTARES GALLEGOS



Os Cantares presentan unha **estrutura circular** enmarcada entre o primeiro e o último poema.

*Cantart' ei, Galicia,
Teus dulces cantares,
Qu' asi mó pediron
Na veira do mare.*

*Cantar t' ei, Galicia,
Na lingua gallega,
Consolo dos males,
Alivio das penas.*

*Eu cantar, cantar, cantei,
A grasia non era moita,
Que nunca (delo me pesa)
Fun eu meniña graciosa.
Cantei como mal sabía
Dándolle reviravoltas,
Cal fán aquês que non saben
Direitamente un-ha cousa.*

TEMÁTICAS DE CANTARES GALLEGOS

A lírica popularizante ou costumista aparece nos cantares en composicións polo xeral desenfadadas que poden xirar arredor da **temática amorosa**, pero tamén poden tratar **penurias ou inxustizas sociais** presentes no mundo rural.

O intimismo dos Cantares caracterízase pola **visión feminina** que imprega todas as composicións do poemario, ao longo de cuxas páxinas desfilan todo tipo de mulleres traballadoras do mundo rural, fondamente caracterizadas psicoloxicamente.

Á marxe do feminismo presente na obra rosaliana, a reflexión, a crítica e a denuncia da emigración, da miseria e da marxinación política de Galicia afloran ao longo das composicións dos Cantares Gallegos.



Costumismo


Intimismo

Poesía social

FOLLAS NOVAS (1880)

Aínda que se intentou publicar en 1872, non foi até 1880 que saíu do prelo *Follas novas*, a segunda e, probablemente, a mellor das obras de Rosalía de Castro.

Fronte á vitalidade e ao optimismo dos Cantares, estamos perante **unha obra moito máis reflexiva e pesimista.**



ESTRUTURA

Está composta por 136 poemas repartidos en 5 libros:

- I. Vaguedás**
- II. ¡Do íntimo!**
- III. Da terra**
- IV. As viudas dos vivos e dos mortos**
- V. Varias**

A VISIÓN INTIMISTA DE FOLLAS NOVAS



A soidade e o desconsolo predominan nas dúas primeiras partes do libro. A vida é fonte de dor, e a morte, única certeza e mesmo saída. Tamén hai espazo para o amor, o odio, o resentimento ou a saudade.

*Cando penso que te fuches,
Negra sombra que m'asombras,
Ô pe d'os meus cabezales
Tornas facéndome mofa.*

A VISIÓN SOCIAL DE FOLLAS NOVAS



Nas partes III e IV de Follas novas predomina a temática social, ben sexa arredor, outra vez, da figura da muller, especialmente como escritora, sobre as inxustizas sociais e sobre a emigración.

*Este vaise y aquel vaise
E todos, todos se van,
Galicia, sin homes quedas
Que te poidan traballar.
Tes en cambio orfos e orfas
E campos de soledad,
E nais que non teñen fillos
E fillos que non têm pais.*